



## AS SOBRAS NON SOBRAN

Todos os restos que se depositen nos colectores marróns levaranse a unha planta especializada de tratamento de residuos onde serán convertidos en compost para empregar como fertilizante natural. As vantaxes deste proceso son evidentes:

- > **Actívase a economía circular**, o residuo convértese en compost e volve ao ciclo da vida.
- > **Obtense compost natural** de calidade para usar na horta e redúcese o uso de fertilizantes químicos e pesticidas.
- > **Decrecen as emisións de CO<sub>2</sub>** e outros gases de efecto invernadoiro.
- > **Disminúe a contaminación** do solo, dos leitos e dos acuíferos.
- > **Sitúa ao Concello de Monforte** na vangarda en Galicia en materia de residuos e ao nivel doutras cidades europeas.

**Si:** Restos de froita e verdura, restos de carne e peixe, cunchas de marisco ou froitos secos, restos de pan, restos de café e infusión, papel de cociña, restos de plantas, tapóns de cortiza...

**NON:** Comida envasada, cueiros, compresas, bastonciños de algodón, cabichas e paquetes de tabaco, cápsulas de café, téxtil, papel de aluminio, plásticos e envases, lixo, cabelos...



CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS



Financiado por  
la Unión Europea  
NextGenerationEU



+ INFO


982 40 25 01 (de 9.00 a 14.00)  
www.monfortedelemos.es  
Na Casa do Concello

# RECICLEMOS


DE XEITO SOSTIBLE




CONCELLO DE  
MONFORTE  
DE LEMOS



## ZONA 1



## COLECTORES CON CHAVE



## ZONA 2

## OS HORARIOS

De luns a sábado colocaranse os cubos negros de RESTO como ata o de agora pero a maiores colocaremos os cubos marróns de MATERIA ORGÁNICA nos días que se indican neste cadro. O resto das fraccións do lixo poden depositalas nos colectores de vidro, envases lixeiros e papel cartón que están nos sitios de costume.

RECOLLERASE O LIXO EN DÍAS ALTERNOS NAS ZONAS INDICADAS

LUNS	ZONA 1
MARTES	ZONA 2
MÉRCORES	ZONA 1
XOVES	ZONA 2
VENRES	ZONA 1
SÁBADO	ZONA 2

## AS ZONAS

> Na Zona 1 e na Zona 2 depositarase a MATERIA ORGÁNICA nos colectores de quita e pon de cor marrón que se colocarán a carón dos cubos habituais de RESTO.

> Na Zona Perimetral os colectores están pechados con chave e non serán retirados, por iso necesitarás unha chave para abrilos, a cal poderás solicitar nas carpas das accións de rúa ou no propio Concello.

## o CALDEIRO MARRÓN PEQUENO

É para que o uses na túa casa. Deposita nel os restos de materia orgánica. Cando estea cheo, deberalo baleirar no colector marrón situado na túa rúa.

## o COLECTOR MARRÓN

Está situado na rúa, moi preto da túa casa. Nestes colectores poderás verter o material recollido co caldeiro marrón pequeno.

## RECOLLE O TEU KIT

O Concello entregará un kit con información e un caldeiro para facilitar a separación da materia orgánica.



## OS GRANDES PRODUTORES

Se es un local de hostalería ou un produtor de orgánica podes pedirnos un colector para o teu local.

## OS COMPOSTEIROs INDIVIDUAIS

Se vives no rural e tes unha finca con máis de 25 metros cadrados, podes solicitar un composteiro individual co que elaborar o teu propio compost.